



CONCELLO DE REDONDELA

Nº 6/2015

**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO
O DÍA 31 DE MARZO DE 2015**

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión extraordinaria número 5 de 2015
- 2 Dar conta de expedientes de modificación de crédito
- 3 Dar conta do programa orzamentario a medio prazo 2016-2018
- 4 Aprobación dun recoñecemento extraxudicial por importe de 6.341,48 euros
- 5 Aprobación definitiva da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Redondela
- 6 Recurso de reposición presentado contra o acordo adoptado polo pleno o 29.01.2015 sobre modificación da plantilla de persoal do Concello
- 7 Reestruturación do Proxecto “Marisma +” integrado no Programa Operativo FEDER de Galicia
- 8 Aprobación de subvencións nominativas
- 9 Adopción de acordos sobre reposición do colexio Igrexa-Chapela
- 10 Resolución do expediente de responsabilidade patrimonial 15/14
- 11 Aprobación definitiva das tarifas do servizo de taxis
- 12 Actividades de control do pleno:
 - 12.1 Dar conta das resolucións de alcaldía do 17 de febreiro ao 19 de marzo de 2015
 - 12.2 Mocións:
 - 12.2.1 Moción do grupo municipal de AER sobre bases dos orzamentos participativos
 - 12.2.2 moción do grupo municipal do bng sobre as solicitudes de ampliación de panaláns no contorno da praia de Arealonga (Chapela)
 - 12.2.3 Moción do BNG para demandar o incremento de persoal de correos no noso Concello.
 - 12.3 Solicitudes de comparecencia

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día trinta e un de marzo de dous mil quince, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, Erminda Quelle Fernández, María Teresa París Blanco, Julio Alonso Monteagudo, Antonio Cabaleiro Millares, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Ana María Alonso Alonso, Arturo González Barbeiro, Cándido Vilaboa Figueroa, Eduardo José Reguera Ocampo, Leonardo Cabaleiro Couñago, Luís Alberto Orge Míguez, Antonio Vázquez Saco, Leticia González Guisande, José García Míguez, Cecilia Pérez Orge, Xoán Carlos González Campo e Alfonso Blanco Pérez, tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

O alcalde auséntase da sesión ao rematar a votación do punto 11 da orde do día, por



CONCELLO DE REDONDELA

atoparse indisposto, asumindo a presidencia da sesión o primer teniente alcalde, Álvarez Ballesteros.

O concelleiro Orge Míguez auséntase da sesión no debate da última moción.

As 21:45 horas faixe un receso, reanudándose a sesión ás 22 horas.

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.

1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DAS ACTAS DAS SESIÓNS NÚMERO 5 DE 12/03/2015

Dáse conta do borrador da sesión plenaria de data 13/03/2015.

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER.).

2. DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Dáse conta dos seguintes expedientes administrativos de modificación de crédito:

- Expediente MC 03/2015 gc 01-15 mediante xeración de crédito por importe de 64.898,73 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 10/02/2015
- Expediente MC 01/2015 tc 01-15 mediante transferencia de crédito por importe de 36.785,86 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 22/01/2015
- Expediente MC 02/2015 tc 02-15 mediante transferencia de crédito por importe de 8.961,47 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 02/02/2015
- Expediente MC 04/2015 gc 02-15 mediante xeración de crédito por importe de 33.993,26 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 10/02/2015
- Expediente MC 05/2015 ir 01-15 mediante xeración de crédito por importe de 123.732,04 € euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 11/02/2015

A corporación queda informada dos expedientes administrativos de modificación de crédito anteriormente relacionados.

3. DAR CONTA DO PROGRAMA ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2016-2018

Dáse conta da resolución da alcaldía de data 23/03/2015 que contén o marco orzamentario a medio prazo coa programación para os anos 2016 a 2018 do Concello de Redondela

O Concello pleno queda informado.

4. APROBACIÓN DUN RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL POR IMPORTE DE 6.341,48 EUROS

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento local da sesión celebrada o día 27/03/2015 que se transcribe a continuación:

“Vista a Memoria de Alcaldía, de data 17 de marzo de 2015, que transcrita di:



CONCELLO DE REDONDELA

Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 17 de marzo de 2015, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que tal como establece o informe do Interventor que gastos correspondentes a anos anteriores foran facturados no ano 2015 foi como consecuencia do retraso na facturación o una entrega da documentación dos terceiros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 6.341,48 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2015:

Terceiro	Data da factura	Nº de factura	Euros	Partida
Serafin Pazos Cabaleiro	30/12/14	13131	595,32	1351B21400
Serafin Pazos Cabaleiro	30/12/14	13129	7,01	1351A21400
Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A.	21/01/15	FE15321164945593	4155,27	3421C47200
Marina Davila	30/09/14	230513	1073,88	1531B21400
Círculo Cultural Deportivo de Cesantes	16/12/14	025/14	180	3341A22613
Círculo Cultural Deportivo de Cesantes	16/12/14	014/14	200	3341A22613
Círculo Cultural Deportivo de Cesantes	16/12/14	029/14	130	3341A22613

Votacións e ditame.- A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 8 votos a favor (4 do PP, 3 do PSG-PSOE, e 1 do BNG), e 1 abstención (1 da AER), estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.

VOTACIÓN E ACORDO



CONCELLO DE REDONDELA

Sometido a votación o recoñecemento extraxudicial de crédito por importe de 6.341,48 € co detalle indicado nos antecedentes, apróbase por unanimidades dos/as concelleiros/as, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).

5. APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE REDONDELA

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local celebrada o día 27.03.2015:

“Considerando que polo pleno do Concello en data 29.01.2015 procedeuse a aprobar inicialmente a relación de postos de traballo (en adiante RPT) en base á proposta formulada por EOSA, ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN SA, que obra no expediente.

Considerando que publicado o correspondente anuncio para información pública no Taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia nº 34 do 19.02.2015, presentáronse tres alegacións por tres docentes do conservatorio de música, a directora ELISA ARIAS TRIGO, o xefe de estudos, JOSE PEREZ ARIAS e o secretario MANUEL MOLINOS RIVAS, idénticas no seu contido.

Resultando que ditos alegantes sinalan que ao realizar a incorporación do complemento de produtividade ao específico non se tivo en conta os terminos da resolución da Alcaldía do 08.05.2007 pola que se lles recoñecía o dereito a percibir un complemento de produtividade singular (de 300 € mensuais no caso da directora do Conservatorio e de 100 € mensuais no caso do xefe de estudos e o secretario do centro), posto que se incorporou o importe correspondente a 11 meses cando o correcto é de 12 meses.

Considerando que de acordo coa citada resolución, o complemento percibiríase con carácter fixo mensual en tanto duren as condicións de servizo que dean lugar ao seu recoñecemento.

Visto o informe de Secretaría 45/2015 no que sinala que efectivamente e tal e como se recolle nas alegacións presentadas dita produtividade non se lles descontaba con motivo de vacacións ou o disfrute de asuntos particulares, como ocorre co resto do complemento de produtividade e con carácter xeral para todo o persoal. Resulta, por outra banda, lóxico que se incorpore a totalidade do importe percibido xa que o contrario suporía unha mioración inustificada sobre o complemento específico total de ditos postos.

Vistos os informes de intervención e secretaría obrantes no expediente, e no uso das atribucións que me confire o artigo 21 1 h) da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, teño a ben propor ao pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, a adopción dos seguintes acordos:

1. Estimar as alegacións presentadas rectificando o erro detectado.
2. Aprobar definitivamente a Relación de Postos de Traballo do Concello de Redondela, coa rectificación indicada, en base á proposta formulada por EOSA, ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN SA, que obra no expediente.
3. Proceder á publicación da Relación de Postos de Traballo no Boletín Oficial da Provincia e remitir unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.”

Votacións e dictame.-A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 5 votos a favor (4 do PP, e 1 do BNG), e 4 abstención (3 do PSG-PSOE, e 1 da AER), estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.



CONCELLO DE REDONDELA

INTERVENCIONS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que houbo tres alegacións en relación a unha resolución da alcaldía do ano 2007, recoñecendo o dereito á percepción dun complemento por parte da directora, xefe de estudos e secretario. Pide que se aclare a cuestión.

Por indicación do alcalde, a secretaria indica que dita resolución recoñeceu o dereito a percibir un complemento por parte de tres docentes do conservatorio que ao mesmo tempo exercían funcións como directora, xefe de estudos e secretario do centro, respectivamente e que como non existía RPT fíxose a través do complemento de produtividade pero o normal é que integre o específico.

A concelleira PÉREZ ORGE di que van votar a favor porque a resolución está ahí e a alegación é lóxica e xurídicamente aceptable.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, apróbase co voto de calidade do alcalde, por maioría dos/as concelleiros/as sendo vinte votos a favor (10 do PP e 8 do PsdeG -PSOE e 2 do BNG) e unha abstención (1 de AER).

6. RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA O ACORDO ADOPTADO POLO PLENO O 29.01.2015 SOBRE MODIFICACIÓN DA PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local da súa sesión de data 27/03/2015 que se transcribe a continuación:

“Vista a Proposta de Alcaldía, de data 24 de marzo de 2015, que transcrita di:

Visto o recurso de reposición presentado por MARIA AMPARO DOCAMPO LÓPEZ ao acordo adoptado polo pleno do Concello o 29.01.2015 sobre aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal do Concello.

Visto o informe emitido en relación ao citado recurso pola secretaria do Concello que, transcrito, dí:

I. “Antecedentes

En relación ao expediente emitíronse informes 149/2014 e 08/2015 cinguíndose o presente, exclusivamente, ao recurso presentado.

O acordo recurrido é o adoptado polo pleno do Concello o 29.01.2015 sobre aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal ao servizo do Concello de Redondela substituindo a praza de auxiliar administrativo (de carácter laboral) adscrita ao conservatorio por unha praza máis (xornada de 20 horas semanais) de auxiliar administrativo na plantilla de funcionarios de carreira de administración xeral. En dito acordo se resolveron as alegacións presentadas tanto pola recurrente como pola Federación de Servizos Públicos de UGT (UGT).

II. Lexislación aplicable

- Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).



CONCELLO DE REDONDELA

- Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (LEBEP)
- Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2015 (LPE).

III. Consideracións xurídicas

a) Reitéranse no recurso cuestións xa resoltas no intre da adopción dos acordos de aprobación inicial e definitiva da modificación. Así realiza unha descrición de feitos: novación do contrato ao pasar a depender do Concello, contratación en fraude de lei...etc, cando os acordos adoptados en nada teñen que afectar a súa situación actual tal e como xa indiquei no informe anterior: con respecto á situación concreta da alegante MARIA AMPARO DOCAMPO LÓPEZ a súa situación non ten por qué experimentar ningún cambio ata tanto se proceda a proveer a praza con carácter definitivo, se ben a interesada podería optar por acollerse a un nomeamento interino con cargo a nova praza de acordo co previsto no artigo 10 1 a) do EBEP. Nese caso desaparecería da plantilla a praza de auxiliar administrativo adscrita ao conservatorio. En caso de permanecer como ata agora a praza laboral figuraría como a extinguir ata o intre en que se cubra a mesma praza da plantilla de funcionarios ao servizo do Concello.

b) Resolvéronse tamén expresamente as alegacións con respecto á reserva da praza para un proceso de consolidación de emprego: tal e como sinala a recurrente é certo que o Concello de Redondela ven desenvolvendo na práctica dende hai anos un proceso de consolidación de emprego resolvendo situacións de encadenamento de contratos temporais coa conseguinte creación de prazas fixas de plantilla, inclusión nas sucesivas ofertas de emprego público e conseguinte convocatoria.

c) Proba de tales actuacións é o feito de que a praza que hoxe ocupa a recurrente con carácter interino se atopa incluída nunha Oferta Pública de Emprego previamente tratada na correspondente mesa de negociación, aprobada e publicada no boletín oficial da provincia do 28.10.2013, e actualmente pendente de desenvolver na súa totalidade. Xa que logo, a praza debería cubrirse definitivamente e do mesmo xeito, sexa laboral ou funcionario, en virtude do disposto no apartado 2 da disposición transitoria cuarta da LEBEP que existe tamén que os procesos selectivos garantan o cumprimento dos principios de igualdade, mérito e capacidade, tal e como se vén facendo nos procesos selectivos que se desenvolveron no Concello nos últimos anos.

d) Asemade, xa no informe 149/2014 se sinalaba que a modificación aprobada se xustifica, precisamente, por canto se está prantexando a convocatoria regulamentaria de dita praza, tendo en conta que a OEP debe desenvolverse no prazo improrrogable de tres anos dende a súa aprobación (ex artigo 70.1 do EBEP), antes da súa cobertura resulta doado axustala ás prescricións normativas de aplicación ao obxecto de non perpetuar no tempo unha situación anómala con respecto ao resto das prazas de auxiliares administrativos incluídas na plantilla do persoal ao servizo do Concello con carácter funcional. Dito carácter derívase do preceptuado no artigo 167 do TRRL que establece como pertencentes á escala de funcionarios de administración xeral aos auxiliares administrativos por canto de conformidade co artigo 169 da mesma norma desempeñan funcións comúns ao exercizo da actividade administrativa. Dito extremo ratifícase tamén polo previsto no artigo 9.1 do EBEP.

e) Resolvéronse tamén no acordo recurrido as alegacións con respecto ao posible defecto pola falla de negociación da modificación aprobada xa que por parte do Concello se lles comunicara dita proposta de modificación na xuntanza do 23.10.2014 e a cuestión, por outra banda, volveuse a tratar na xuntanza da mesa de negociación do 16.12.2014, polo que quedaría subsanado calquer defecto ao respecto, tal e como obra no expediente. Isto, con independencia



CONCELLO DE REDONDEIRA

de que xa se facía constar que resulta dubidoso que a proposta poida encadrarse dentro dos supostos negociables previstos na LEBEP que refírese a criterios xerais e non a cuestións estritamente puntuais, como é o caso, ao abeiro do previsto no artigo 37.2, que exclúe expresamente da negociación a regulación e determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e a promoción profesional

f) Sobre as limitacións contidas na normativa presupostaria en canto á incorporación de novo persoal (artigo 21 da LPE) xa foi aclarado que non se produciría o incumprimento da normativa presupostaria xa que se está a falar non dunha praza nova senón da que se atopa incluída nunha oferta pública de emprego anterior que, simplemente se axustaría, coas mesmas características, á legalidade sen producirse ningún incremento orzamentario por este motivo.

IV. Conclusións

En virtude do que antecede e con independencia da situación concreta da recorrente a asinante considera que o acordo adoptado polo pleno do Concello o 29.01.2015 axústase a dereito polo que propón o rexeitamento do recurso de reposición presentado por MARIA AMPARO DOCAMPO LÓPEZ aos efectos oportunos”.

Teño a ben propor ao pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do acordo de rexeitar o recurso de reposición presentado por MARIA AMPARO DOCAMPO LÓPEZ contra o acordo adoptado polo pleno o 29.01.2015 sobre modificación dunha praza do cadro de persoal correspondente a un auxiliar administrativo que pasa a pertencer ao persoal funcionario, polos feitos e fundamentos de dereito contidos no informe, transcrito.”

Votacións e dictame. - A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 5 votos a favor (4 do PP, e 1 do BNG), e 4 abstención (3 do PSG-PSOE, e 1 da AER), estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIONS

A concelleira PÉREZ ORGE di que xa se debatiu no pleno e o BNG deu os seus argumentos a favor de que se funcionaricen todas as prazas que se poida. Están a favor da proposta.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, o concello pleno por maioría dos/as concelleiros/as asistentes, sendo vinte votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE e 2 do BNG) e unha abstención (1 de AER) rexeita o recurso de reposición presentado por María Amparo Docampo López contra o acordo plenario de data 29/01/2015 sobre aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal do Concello, substituindo a praza de auxiliar administrativo (de carácter laboral) adscrita ao conservatorio por unha praza máis (xornada de 20 horas semanais) de auxiliar administrativo na plantilla de funcionarios de carreira de administración xeral.

7. REESTRUTURACIÓN DO PROXECTO “MARISMA +” INTEGRADO NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE GALICIA

ANTECEDENTES



CONCELLO DE REDONDELA

Ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local da sesión celebrada o día 27/03/2015 que se transcribe a continuación:

“Vista a Proposta da Concelleira de Economía e Facenda e Desenvolvemento Local, de data 25 de marzo de 2015, que transcrita di:

“Vistas as instrucións para a aplicación e desenvolvemento das bases reguladoras da convocatoria 2007 de axudas do fondo europeo e de desenrolo rexional para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período 2007-2013.

Vistas as actuacións de obra dentro do Plan Marisma + (cofinanciado con axudas do FEDER), que finalmente non van cobrarse e existindo a posibilidade de asignar esas inexecucións que ascenden á cantidade de 765.997,78 € a obras recollidas dentro dos obxectivos das actuacións 2.1 “Acondicionamento do bordo litoral en Cesantes” e 4.1 “Remodelación e ampliación da área deportiva – cultural da Marisma de Redondela”.

Con data 13 de marzo, o Concello solicitou aprobación das modificacións citadas ante a Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Dito organismo adiantou por correo electrónico o requirimento para que se achegue certificado do acordo de aprobación de dita proposta polo Pleno da Corporación para que se poida aprobar a solicitude de modificación.

En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar autorización para levar a cabo a modificación relacionada nos antecedentes desta proposta e plasmadas nos anexos VI e VII adxuntos a esta proposta.”.

Votacións e ditame.-A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 4 votos do PP (4 do PP), 4 abstención (3 do PSG-PSOE, e 1 da AER), e 1 voto en contra do BNG, estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PEREZ di que xa votaron en contra no último pleno cando se trouxo este tema. Pide explicacións por algúns cambios propostos. Di tamén que o Pavillón non está rematado para facer alí ningunha actividade.

A concelleira PÉREZ ORGE di que non quere repetir os argumentos que deron no pleno anterior pero, como considera que son de peso, vaine facer. Sinala que a postura do BNG é contraria porque o centro de día de Trasmañó foi aprobado no ano 2011 e para eles era unha obra prioritaria. Rexeita que caso de perderse os cartos sexa pola irresponsabilidade do BNG senón pola do PP que foi modificando o plan Marisma pola súa banda, xa que estima que en ningún momento tiveron intención de facer o centro de día de Trasmañó. Non considera de recibo que o goberno fixera unha serie de cambios e agora pretenda que o pleno os acepte.

O concelleiro REGUERA OCAMPO refírese tamén ao pleno anterior e di que o programa Marisma foi consensuado cos veciños no seu momento, cousa que non volveu facer o novo goberno. Sinala que o centro de día de Trasmañó é innegociable para eles e que o goberno nin sequera foi quen de pór a andar o centro de Cesantes. Di que van votar “non” a esta modificación.

A concelleira ALONSO ALONSO di que a modificación consiste en dous papeis, xa que o plan Marisma está rematado e non se trata agora de facer ou non facer o centro de día de Trasmañó. Indica que supón decirlle ao Feder que non queremos catrocentos mil euros porque non se pode facer ese centro de día. Dí que as actuacións hai que rematalas e non como pasou no caso da



CONCELLO DE REDONDELA

piscina de Chapela e isto é un agravio para todos os veciños de Redondela porque saben perfectamente que se perden o diñeiro, non hai máis opcións.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que ten claro que o centro de día non se pode construír porque non foron quen de facer que a Xunta se fixera cargo. Cuestiona a resposta da Xunta con respecto a esta cuestión e di que non se fía desta xa que aínda non abriron o centro de Cesantes. Anuncia a súa abstención.

A concelleira PÉREZ ORGE di que a decisión do PP foi errada e non se trata de “dous papeliños”. Indica que non quixeron facer o centro de día dende o primeiro momento porque non cren nos servizos sociais e tiveron tempo ata que cambiou a norma no mes de decembro de 2013 para botalo a andar. Non van aprobar algo que o goberno fixo só. Votan en contra por coherencia e por convicción, xa que foron eles os que fixeron a proposta no anterior goberno.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que este tema xa véu outras veces ao pleno e sinala que o anterior goberno levou a cabo once actuacións do plan Marisma mentres que o actual, de sete que tiñan que facer, fixeron tres. Indica que o PP non cre nos servizos sociais e tiveron catro anos para facer o centro de día pero non o fixeron e pregunta por qué non foi prioritaria esta actuación.

A concelleira ALONSO ALONSO di que non entende a actitude do PSOE e do BNG cando están a piques de perder catrocentos mil euros. Pensa que non se pode xogar cos cartos dos cidadáns, xa que a coherencia que hai que ter é cos veciños aos que representan. Non lle gustaría ter iso sobre a súa conciencia. Indica que quixerían ter feito o centro de día e sí cren nos servizos sociais e queren deixar as cousas en funcionamento e en condicións. Da grazas a AER pola súa responsabilidade.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida aprobación da reestruturación do proxecto “Marisma máis” a votación, e repetida ésta co mesmo resultado, apróbase co voto de calidade do alcalde, por maioría dos/as concelleiros/as sendo dez votos a favor (10 do PP) e dez votos en contra (8 do PsdeG -PSOE e 2 do BNG) e unha abstención (1 de AER).

8. APROBACIÓN DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de -Economía, Facenda e Desenvolvemento Local da súa sesión de 27 de marzo de 2015, que di:

“Vista a Memoria de Alcaldía, de data 25 de marzo de 2015, que transcrita di:

Que o Orzamento do ano 2014 aprobouse o día 18 de febreiro do 2014 e foi publicado no BOP de 25 de marzo de 2014, número 58.

Que para este ano, dito Orzamento está prorrogado. O orzamento do ano 2015 presentado ao Pleno non foi aprobado.

Na prórroga orzamentaria non constan os créditos precisos para a concesión das subvencións nominativas ás entidades que os viñan recibindo en anos anteriores. Ditas axudas municipais son moi necesarias para que poidan seguir desenvolvendo as súas actividades en prol das veciñas e veciños de Redondela. A consignación destas cantidades suporá en todo caso un esforzo adicional para o orzamento municipal.



CONCELLO DE REDONDELA

A Intervención emitiu o seu informe de data 25 de marzo de 2015.

É por elo que teño a ben propoñer ó Pleno do Concello de Redondela:

1. aprobación das subvencións nominativas propoñendo as seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	IMPORTE
2311A.48002	AEC	1.000,00
2311A.48003	Asociación Lenda	11.000,00
2311A.48004	Diócese Tui-Vigo (Cáritas)	7.000,00
2311A.48006	Hermanos Pobres de Teis	1.500,00
2311A.48008	Andaina	2.000,00
2311A.48009	Solidariedade Galega co Pobo Saharaui	4.000,00
2311A.48010	ONG da Man	1.500,00
3341A.48901	Asociación Millo Verde	13.000,00
3341A.48905	Asociación Cultural Xente Titiriteira	35.000,00
4151A.48901	Confraría pescadores San Juan	2.000,00

No caso de aprobarse procederase a súa exposición pública polo prazo de quince días hábiles no Taboleiro de Anuncios trala súa publicación no BOP; no caso de que non houbera reclamacións á aprobación inicial, esta converteríase en definitiva; no caso de que houbera reclamacións precisárase dunha nova aprobación por parte do Pleno; e a súa publicación definitiva no BOP”.

Votacións e dictame.- A comisión informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local, en votación ordinaria, e con 4 votos do PP (4 do PP), e a abstencións dos demais partidos (3 do PSG-PSOE, 1 do BNG e 1 da AER), estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PEREZ di que co gallo da aprobación dos presupostos dixeron que non era posible aprobar as subvencións sen aprobar os presupostos e polo que se ve parece que non era así. Van votar a favor pero gustaríalles que non fixeran como o ano pasado, que se cobraron estas subvencións a finais de xaneiro.

A concelleira PÉREZ ORGE di que no debate dos orzamentos do 2014 a concelleira de Facenda recorreu ao medo afirmando que non ía ser posible outorgar todas estas subvencións. Eles xa sabían que había un mecanismo legal e considera que o goberno tentou enganar ao pleno coa chantaxe política de que se non se aprobaba isto non se podía facer. Pensa que debe cambiarse esta actitude. Non están de acordo con algunhas das subvencións xa que non concordan coa súa idea pero van votar a favor, xa que outras son fundamentais e suplen cousas que debería facer a propia administración.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que coincide no tema da chantaxe porque a concelleira rematou o pleno anterior de xeito lamentable dicíndolle á concelleira RIVAS que ía ser responsable de que non se puidera facer o centro de Trasmañó. Van apoiar a proposta.

A concelleira ALONSO ALONSO di que no 2014 plantexábase que había que prorrogar o orzamento do 2013 e neste non estaban as subvencións nominativas, polo que non era viable o outorgamento das mesmas. Estiveron valorando as alternativas e significa que hai que quitar doutras áreas de gasto para poder afrontar estas subvencións. Agradece o apoio.



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro BLANCO PEREZ di que as modificacións de crédito son habituais. Insiste en que as asociacións non teñan que esperar tanto para cobrar.

A concelleira PÉREZ ORGE di que saben que significa que vai a haber menos diñeiro para gastar noutras cousas e considera que é unha cousa normal.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que é curioso que en ano electoral se adianten estas subvencións.

A concelleira ALONSO ALONSO di que é importante axilizar estas subvencións e sobre todo aprobalas para que así conten con elas os colectivos afectados. Supón que é menos a gastar pero non menos a pagar, xa que non pensan deixar facturas no caixón.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación a proposta de pago das subvencións nominativas, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER)

9. ADOPCIÓN DE ACORDOS SOBRE REPOSICIÓN DO COLEXIO IGREXA-CHAPELA

ANTECEDENTES

Considerando que polo Ministerio de Fomento (Demarcación de carreteras del Estado en Galicia) procedeuse a notificar ao Concello de Redondela, mediante cédula, o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN (Clave 98-PO9911.A AMPLIACIÓN DA CAPACIDADE DA AUTOESTRADA AP 9, Tramo enlace de Cangas-enlace de Teis) no termino municipal de Redondela referido á finca nº 61 propiedade deste Concello, na que se atopa o colexio público Igrexa.

Resultando que por escrito da Alcaldía do 05.09.2014 e polas razóns indicadas no informe emitido na mesma data polo arquitecto municipal procedeuse a solicitar do citado ministerio a expropiación da totalidade da devandita por considerar que quedaba dabondo acreditada a total perda de funcionalidade que a expropiación supón para o centro escolar afectado, de tal xeito que a única solución viable é o seu cambio de ubicación. Tamén se solicitaba que a ocupación da mesma non se fixera efectiva en tanto non estea disponible un novo centro, na ubicación que se determine, como resultado do expediente de expropiación.

Resultando que en escrito remitido o 17.03.2015 o Ministerio de Fomento notifica ao Concello de Redondela que resolveu ampliar a expropiación da finca a súa totalidade.

Considerando que mantivéronse diversos contactos tanto con AUDASA, como coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento ao obxecto de acadar a mellor solución.

Considerando que por parte da concesionaria da Autoestrada remitiuse ao Concello de Redondela e ao Ministerio de Fomento unha proposta que recolle o seguinte:

“ I.- Afectación del Colegio Público de Igrexa en Chapela

Entre los bienes y derechos que resultan afectados por la obra de ampliación de capacidad del tramo: Enlace de Cangas-Enlace de Teis de la autopista se encuentra el Colegio Público de Igrexa en Chapela, centro docente de siete unidades escolares que cuenta con 85 alumnos y 15 profesores.



CONCELLO DE REDONDELA

Este colegio público ya fue objeto de expropiación parcial –en una superficie de 692 m²-- en el año 1975 para la construcción del acceso de la autopista a Vigo, proyecto: Rande-Porriño, quedando desde entonces sujeto a las diferentes limitaciones de la propiedad establecidas en la legislación para el uso y defensa de las carreteras (en aquel entonces la Ley de Autopistas en régimen de concesión de 1972 y la Ley de Carreteras de 1974 y su Reglamento, hoy Ley de Carreteras de 1988 y Reglamento General de Carreteras de 1994).

El centro docente está ubicado en una parcela de 2.185 m² según Catastro (aunque no es totalmente correcta esta superficie pues incorpora terreno que fue incluido en 1975 en la expropiación antes mencionada y que, por tanto, es ya de dominio público del Estado afecto a la autopista conforme a lo dispuesto en el artículo 17 de la Ley de Autopistas y en la Ley de Patrimonio de las Administraciones Públicas) y se compone de distintas edificaciones con una superficie construida de 1.934 m², destinadas a aulas de enseñanza, gimnasio, biblioteca, comedor y otras propias de la actividad escolar o de actividades vinculadas a la misma.

Según el proyecto de construcción “Ampliación de capacidad de la autopista AP-9. Tramo: Enlace de Cangas-Enlace de Teis”, el citado equipamiento docente vuelve a resultar parcialmente afectado ahora, aunque sólo en una superficie de suelo de 200 m² en la que se asienta un pequeño edificio del equipamiento escolar, al parecer destinado a vestuarios y sala de profesores, cuya demolición total es inevitable.

II.- Consecuencias de la afectación y petición de construcción de nuevo Colegio

Si bien tales ocupación parcial y demolición del mencionado edificio de equipamiento escolar por sí solos no parecen tener mayor relevancia, la antigüedad (año 1961) y la situación de obsolescencia que por sus características constructivas tienen el edificio escolar y las demás edificaciones o instalaciones que componen el equipamiento docente así como la aproximación de los carriles de circulación y la práctica imposibilidad de que pueda reponerse el edificio que ha de ser demolido dentro de los límites a que queda reducida la parcela, son circunstancias objetivas que deben ser consideradas teniendo en cuenta que se trata de un colegio público.

Por razón de lo anterior, el Ayuntamiento de Redondela en su condición de titular del Colegio solicitó que la expropiación se ampliase a la totalidad y la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria avala la necesidad de la construcción de un nuevo centro escolar en Chapela en sustitución del Colegio Público de Igrexa, nuevo centro que requerirá disponer de una parcela de unos 10.000 m² y realizar la inversión que exige la normativa específica reguladora de centros docentes de tal tipo.

III.- Construcción de un nuevo colegio

Las circunstancias objetivas y extraordinarias que concurren en este caso, a juicio de la sociedad concesionaria, pueden ser consideradas como motivos suficientes para que la Administración expropiante acceda a extender la expropiación a la totalidad del Colegio Público de Igrexa de Chapela, atendiendo así la petición formulada por el Ayuntamiento de Redondela, ya que el específico uso del mismo sufrirá un grave menoscabo o demérito para su correcta utilización como equipamiento docente, merma o demérito que no parece que pueda repararse mediante la adopción de medidas correctoras o protectoras.

Por tal motivo, la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria, el Ayuntamiento de Redondela y esta sociedad concesionaria han venido manteniendo distintas reuniones de trabajo a fin de convenir la reposición del Colegio Público de Igrexa por uno nuevo que construiría esta sociedad en terrenos sitos en el lugar de Cidadelle-Chapela, pertenecientes a la Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A. (en lo sucesivo, Sareb) que designó a tal fin el Ayuntamiento.

IV.- Propuesta de la sociedad concesionaria

Bajo los siguientes presupuestos:



CONCELLO DE REDONDELA

(i) que la Administración expropiante acceda a atender la solicitud que formuló el Alcalde del Ayuntamiento de Redondela, petición que habrá de ser ratificada por el Pleno municipal dada su naturaleza y alcance tanto desde el punto de vista patrimonial como de su uso y de la relación en materia de la prestación docente entre el Ayuntamiento y la Comunidad autónoma;

(ii) que esta sociedad concesionaria logre adquirir los terrenos designados por el Ayuntamiento de Redondela en un precio no superior al de la oferta que Sareb trasladó a la Alcaldía el pasado mes de julio; y

(iii) que el terreno en cuestión sea reclasificado como equipamiento docente o resulte urbanísticamente apto para la construcción del nuevo colegio; esta sociedad concesionaria traslada a esa Administración –y por consiguiente también al Ayuntamiento de Redondela—su propuesta formal de reposición del Colegio Público de Igrexa de Chapela mediante la construcción de uno nuevo con sujeción a los siguientes términos:

1º) Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A. en sustitución del justiprecio adquirirá a su cargo como cuerpo cierto y como tal lo entregará, libre de cargas y gravámenes, al Ayuntamiento de Redondela el terreno que éste designó para la construcción del nuevo colegio, esto es la finca sita en la parroquia de Chapela, término municipal de Redondela, provincia de Pontevedra, cuya descripción según resulta de título de compraventa, previa segregación, otorgado ante el Notario que fue de Vigo don Cesáreo Vázquez Ulloa el día 3 de julio de 1975, bajo el número 3.363 de orden de protocolo por doña Esperanza Vidal Teso es la siguiente:

“Rústica denominada LEITÓN, a monte. Mide la superficie aproximada de treinta y cuatro mil metros cuadrados, o sea tres hectáreas cuarenta áreas. Linda: por el Norte, río y levada que la divide y separa de bienes que fueron de José Santorio, María y Luis López, Juan Cabaleiro, Benito Lago, Manuel Ballesteros y herederos de Francisco Senlle, hoy causahabientes de los mismos; Sur, más terreno de su propiedad, resto de la finca más extensa, del que le separa pista del canal de traída de agua del Oitabén; Este, por donde termina en ángulo, la misma pista separando igualmente resto de terreno de la misma finca; y Oeste, camino vecinal que separa de propiedades de Don Isaías Táboas y otros”

y según nota informativa del Registro de la Propiedad:

“Urbana: al nombramiento de “LEITÓN”, a monte, sito en la Parroquia de Chapela, Municipio de Redondela. Mide la superficie aproximada de treinta y cuatro mil metros cuadrados, o sea tres hectáreas cuarenta áreas.”

Su propietaria actual según tal nota informativa es la Sociedad de Gestión de Activos Procedentes de la Reestructuración Bancaria, S.A. (Sareb).

Se trata de la finca registral núm. 14535 en el Registro de la Propiedad de Redondela, inscrita al tomo 691, libro 311, folio 145, inscripción 5ª.

2º) El Ayuntamiento de Redondela deberá realizar a la mayor brevedad la tramitación oportuna que el terreno en cuestión resulte apto urbanísticamente para la construcción del nuevo centro docente.

3º) Luego que el Ayuntamiento de Redondela le notifique que el terreno resulta ya apto urbanísticamente para la construcción del nuevo centro docente, Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A. a su costa redactará el proyecto o proyectos del nuevo colegio y contratará su construcción, con sujeción a los requisitos mínimos establecidos en la normativa legal y reglamentaria de aplicación sobre instalaciones comunes a todos los centros y específicas que han de reunir los que impartan las mismas enseñanzas que en la actualidad imparte el Colegio Público de Igrexa (pero excluido el mobiliario y equipamiento propio de similar naturaleza que precise el centro docente) y procederá a su entrega en un plazo máximo de veinticuatro meses. Los servicios de la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación



CONCELLO DE REDONDELA

Universitaria competentes en la materia podrán supervisar el proyecto y la obra para comprobar el debido cumplimiento de aquella normativa.

4º) Dada la obligación de mantenimiento de la prestación del servicio educativo en el Colegio Público de Igrexa y al mismo tiempo la imposibilidad de demorar la ejecución de la obra pública de ampliación de capacidad del tramo de autopista de que se trata, el Ayuntamiento de Redondela y Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A. se comprometerán a compaginar ambas actuaciones. A tal fin:

- Por un parte, se asegurará el mantenimiento de la actividad escolar en las condiciones que su desarrollo requiere y además Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A. adoptará las medidas cautelares que resulten precisas para garantizar la seguridad de los alumnos y docentes tanto durante el desarrollo de la obra de ampliación de capacidad de la autopista como, una vez puesta en servicio, hasta que tenga lugar el efectivo traslado de la actividad escolar al nuevo colegio.
- Y por otra, Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A. ocupará provisionalmente sólo el terreno imprescindible para la ocupación de la obra y procederá a la demolición de las edificaciones afectadas en el momento en que resulte necesario. Por lo tanto, aunque la ocupación legal del inmueble en su totalidad a efectos jurídicos haya de formalizarse ya según lo establecido para el procedimiento de expropiación por el trámite de urgencia que se sigue en este caso (artículo 52 regla 6ª), quedando transmitido desde tal momento el bien al Ministerio de Fomento, la ocupación material se limitará al terreno y edificaciones de necesaria ocupación efectiva para la ejecución de la obra así como a aquellos que requiera la adopción de las referidas y justificadas medidas para garantizar la seguridad de la actividad escolar.

5º) El Ayuntamiento de Redondela se compromete a realizar con la máxima diligencia, una vez construido el colegio público, las actuaciones que a él correspondan y a promover ante la Administración autonómica educativa las que resulten precisas para el traslado de la actividad escolar, comprometiéndose a que tenga lugar no más tarde del inicio del curso escolar 2020/2021.

6º) Una vez que se haya producido el traslado al nuevo colegio, el Ayuntamiento en un plazo máximo de un mes deberá desalojar en su totalidad el resto del actual Colegio Público de Igrexa a fin de que se pueda llevar a cabo por la sociedad concesionaria su efectiva ocupación material y la demolición del resto de las edificaciones e instalaciones.

No obstante lo indicado en los precedentes puntos 4º y 5º y en el párrafo anterior, hasta que tenga lugar la ocupación material efectiva del resto del Colegio Público de Igrexa, ni el Ministerio de Fomento ni la sociedad concesionaria tendrán a su cargo obligación de naturaleza alguna respecto del mismo y tampoco la responsabilidad de su conservación, mantenimiento y vigilancia o la que pudiera derivarse de acontecimientos que en él se produzcan, salvo que éstos tengan su causa directa en la propia ejecución de la obra de ampliación de capacidad de la autopista o en el funcionamiento de la infraestructura viaria.

7º) En el supuesto de que por causa no imputable a Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, S.A., ni a un tercero dependiente o contratado por la misma, no se llevara a cabo la reposición del Colegio Público de Igrexa mediante la construcción del nuevo colegio en los términos indicados o que no pudiera construirse en el terreno que designó el Ayuntamiento de Redondela, si éste ya le hubiere sido transmitido, el Ayuntamiento deberá reintegrar a aquella sociedad el precio que hubiera abonado por la adquisición del mismo más los gastos y costes justificados vinculados a la misma, incrementadas tales cantidades con el interés legal desde las respectivas fechas de pago y descontando el importe del justiprecio que proceda por la expropiación del Colegio más los correspondientes intereses de acuerdo con la normativa de aplicación.



CONCELLO DE REDONDELA

Sin perjuicio de lo anterior, la Administración local y la sociedad concesionaria convendrán entonces los términos sobre una posible desafectación del Colegio Público de Igrexa o la tramitación del expediente de justiprecio para fijar la indemnización que proceda.

V.- Traslado de la propuesta a la Administración

Esta sociedad concesionaria traslada a esa Administración su propuesta sobre reposición del Colegio Público de Igrexa-Chapela para su conocimiento –y también del Ayuntamiento de Redondela-- y efectos, previa la aprobación por ella en cuanto puidere resultar necesario”.

Considerando que por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en escrito remitido o 19.03.2015 se sinala que non existe inconvinte en que se acometa a construción do novo centro escolar do xeito proposto, debendo cumprirse a normativa de aplicación para este tipo de colexio e sempre que o proxecto e as obras subseguintes sexan supervisados por técnicos da propia Consellería. Sinala tamén que a parcela deberá dotarse de todos os servizos urbanísticos e infraestruturas necesarias axeitadas ao uso educativo: acceso rodado con capacidade suficiente para absorber o tráfico de vehículos na zona, abastecemento de auga, subministro eléctrico, saneamento e telecomunicacións. Indica que o prazo recollido no apartado VI.5º debe considerarse límite a efectos do cumprimento do acordo e que debe garantirse o mantemento da actividade docente no centro escolar existente en condicións de seguridade para o alumnado, profesorado e resto de persoal usuario en tanto non se proceda á entrega do novo centro a construír pola concesionaria. A entrega deberá materializarse libre de cargas e gravames, con todos os servizos e infraestrutura necesarias para o correcto desenvolvemento da actividade docente.

Vistos os informes do arquitecto municipal e de Secretaría e Intervención obrantes no expediente que consideran que a proposta é vantaxosa para o Concello por canto recibiría libre de cargas e gravames a totalidade do predio proposto, moi superior en superficie á necesaria para a reposición do centro escolar e as actividades docentes contarían tamén cun edificio de nova construción, nunha ubicación relativamente próxima á actual pero sen a cercanía da autoestrada.

Teño a ben propor ao pleno do Concello de Redondela, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

Aceptar a proposta formulada por AUDASA, en relación á substitución do xustiprezo pola expropiación do colexio público Igrexa, en Chapela, nos terminos da mesma, coas precisións expresadas ao respecto por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia en canto á reposición do centro.

Votación e Ditame: Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Cultura, Turismo e Patrimonio, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as concelleiros/as, sendo 4 votos a favor do PP e 5 abstencións (3 PsdeG-PSOE +1 do BNG + 1 de AER) dictaminou favorablemente a proposta transcrita.

INTERVENCIONES

O concelleiro BLANCO PEREZ di que consideran que o acordo é vantaxoso para o Concello aínda que lles xurde algunha dúbida en relación co mantemento da actividade docente no colexio durante as obras. Pensa que o tema deberá tratarse na mesa de seguemento das obras para evitar que os rapaces acaben noutros centros. Anuncia que vai a absterse.



CONCELLO DE REDONDELA

A concelleira PÉREZ ORGE di que o acordo non podía ser doutra maneira despois da desfeita que vai supor a ampliación da autoestrada en Chapela. Di que van votar a favor a pesares de que non conseguiron parar a obra, aínda que sí participaron no acto de inauguración. Parécelle que é o mínimo que podía facer Audasa. Sinala que o Concello debe estar moi enriba para que se cumpran as condicións con respecto a actividade no centro actual.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que tamén van votar a favor á vista dos informes obrantes no expediente, que consideran que a proposta é vantaxosa para o Concello. Suxire que a comisión de seguemento controle o tema.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que a ampliación de Rande non a quere ninguén e o que se fixo, unha vez que non había xa volta atrás, foi mirar qué podía acadarse para Redondela e para Chapela, cousa que non se fixo cando a obra inicial da autoestrada. Considera que este é un gran logro e síntese orgulloso como veciño de Chapela, xa que se está a cambiar un terreo de pouco máis de dous mil metros por outro de 34.000 máis un colexio novo, e poderá facerse unha gardería. Indica que se fixeron moitas xestións e acadouse o compromiso firme de adaptar ao calendario escolar á obra na zona. Dí que nadie quere que se trasladen os nenos de colexio e que hai que seguir traballando para que o traballo da comisión sexa efectivo e conseguir outras demandas do Concello.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que nas últimas eleccións dixéronlles aos veciños de Chapela que non se ía facer a ampliación proxectada polo ministro José Blanco pero este non estivo na foto da primeira pedra e todos os que supostamente non a querían, sí.

A concelleira PÉREZ ORGE di que o acordo é bo para o Concello e quen ten que xestionalo é o equipo de goberno, aínda que o BNG foi respectuoso coas negociacións que foi levando a cabo. Dende este punto de vista, pensa que non hai méritos para o goberno xa que é o que tiñan que facer.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que felicita ao alcalde xa que sempre pensaron que acadar esa finca era importante para completar as infraestructuras que Chapela necesita. Critica tamén que asistira ao acto da primeira pedra tendo claro que non están de acordo coa ampliación. Di que hai algunha asociación que tamén participou para que o acordo chegara a bo fin e é xusto recoñecelo.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que sí recoñeceron o traballo incansable da asociación de afectados pola ampliación da AP-9. Indica que a postura do señor Reguera é frívola porque non fixo nada para acadar esta finca e agora o fai o goberno a coste cero.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación resulta aprobado por maioría dos/as concelleiros/as sendo vinte votos a favor (10 do PP, 8 PsdeG-PSOE, 2 do BNG) e unha abstención (1 de AER).

10. RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL 15/14

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión de Patrimonio, Cultura e Turismo de data 27 de marzo de 2015 que se transcribe a continuación:

“Visto o expediente nº 15/2014 seguido a instancia de Manuela Gómez Pérez na que solicita indemnización de 12.641,25 € polos danos que sufriu ao caer a consecuencia dunha arqueta que



CONCELLO DE REDONDELA

sobresaía por riba da rasante da beirarrúa, sobre as 17,25 horas do día 20.09.2013, na avenida Mendiño nº 53.

Considerando que o Instructor do expediente formulou en data 26.01.2015 proposta de Resolución que, transcrita, di:

“Resultando que, acordada a iniciación do expediente referenciado, realizáronse os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debera pronunciarse a resolución ou o acordo indemnizatorio, resultando de acordo co informe de secretaría obrante no expediente o seguinte :

a) O informe da policía local do mesmo día sinala que acudiron ao lugar tras unha chamada e atoparon á reclamante tirada no chan e co rostro manchado de sangue, a cal manifesta que caeu ao tropezar cunha arqueta elevada da beirarrúa. A dona foi trasladada por unha ambulancia ao Hospital Xeral de Vigo.

b) A arquitecta técnica municipal emitiu informe o 05.12.2014 de que feita visita de inspección con data 04.09.2014 e identificado lugar polas fotografías obrantes no expediente comprobei: O lugar no se atopa do mesmo xeito que o recollido nas fotografías obrantes no expediente. Existe unha tapa de rexistro do abastecemento de auga municipal enrasada co pavimento da beirarrúa. A concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas municipal é a entidade Aqualia. A beirarrúa conta cunha largura neste punto de 1,20m. O rexistro ten unha lonxitude máxima de 0,25 m quedando, un espazo libre de 0,85m. En relación a si os operarios realizaron algún tipo de intervención na beirarrúa ou se as mesmas foron realizadas polo Concello, indicar que as beirarrúas non foron realizadas polo Concello e que, segundo as manifestacións efectuadas polo xefe da brigada municipal de vías e obras municipal en conversa mantida, non lle consta intervención municipal algunha no lugar.

c) A arqueta en cuestión, na que ao parecer tropezou a reclamante, pertence ao servizo de abastecemento de auga. O Concello de Redondela procedeu, en data 04.05.1993, a adxudicar a concesión administrativa para a xestión integral do servizo de suministro de auga a domicilio e saneamento do municipio de Redondela á agrupación temporal de empresas formada por Seragua e Fomento de Construcciones y Contratas, hoxe AQUALIA, UTE. No prego de condicións que rexeu e rexe a concesión (PCAP) prevíase expresamente como responsabilidade do concesionario o funcionamento e conservación das obras e instalacións do servizo obxecto do presente contrato, que se imputa exclusivamente ao concesionario (cláusula 41.2) incluíndo no obxecto do contrato os traballos necesarios para a boa conservación de ditas obras e instalacións e demais actividades complementarias (cláusula 41.5). De xeito aínda máis expreso, a cláusula 116 non deixa lugar a dúbidas: *O concesionario asumirá a responsabilidade que lle corresponda en materia civil, administrativa e penal, como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos prestados, quedando obrigado ao resarcimento de tódolos danos e prexuízos que se causen a terceiros ou á propia Administración municipal, xa sexan bens ou personas particulares ou en bens municipais, sen prexuízo das sancións que se lle poidan impor conforme ao presente prego.*

d) No artigo 161 c) do Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRCAP), de aplicación por mor do preceptuado na disposición transitoria primeira, 2 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP) en concordancia cos artigos 121.1 e 123 da Lei 16.12.1954 sobre Expropiación Forzosa e 137 do seu Regulamento, dispónse como unha obriga xeral dos contratistas nos contratos de xestión de servizos públicos, indemnizar polos danos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requiran o desenrolo do servizo. A única excepción que tal suposto contempla é que o dano sexa producido por causas imputables á Administración. En parecidos termos se expresa o artigo 97 do mesmo texto legal que tamén prevé que será obriga do contratista indemnizar tódolos danos e prexuízos que causen a



CONCELLO DE REDONDELA

terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato e, no seu apartado 3, di que os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes lle corresponde a responsabilidade polos danos.

e) Do mesmo xeito, na sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Vigo no procedemento abreviado 96/2009, no que foi parte este Concello, declarouse que *la concesión concernía a una prestación integral del servicio de aguas, de modo que la concesionaria tenía la obligación de conservar en todo momento el buen funcionamiento de la red. Partiendo de esta premisa, la UT demandante sólo podía exonerarse de responsabilidad si demostrase que los daños tuvieron su origen en un vicio del proyecto (en este caso el pliego de cláusulas administrativas) o en una orden emanada del concedente. Y esa prueba no se ha logrado.*

f) Nos seus escritos, Aqualia non considera dabondo probadas as circunstancias da caída, posto que a policía acudiu ao lugar tralo incidente. Por outra banda, sinala que non lle consta o deterioro na infraestrutura pero ao parecer sí a reparou con posterioridade. Indica que a reclamante tivo espazo dabondo para pasar esquivando o obstáculo e que o defecto é imputable ao titular da beirarrúa, que, no presente caso, sería a Xunta de Galicia, por non rebaixar a beirarrúa. Hai que indicar, por outra banda que no lugar non se realizaron obras recentemente.

g) O 19.09.2014, a reclamante concreta a súa solicitude de indemnización en 12.641,25 € máis os intereses e o 14.11.2014, no trámite de audiencia, rexeita as anteriores alegacións. No seu último escrito, do 20.01.2014, a concesionaria reitérase no anterior, sinalando que el *hipotético deterioro del pavimento era totalmente visible y evitable*. A partir de aí, remítense a varias sentenzas que establecen a concorrencia de culpas en supostos similares.

h) Cómpre indicar que, efectivamente, era un obstáculo visible, moi pequeno, de 0,25 cm e moi pouca altura, segundo se aprecia nas fotografías da policía local e sobre o cal non consta unha previa denuncia no Concello aos efectos de poder respostar a dita deficiencia, requirindo para iso á concesionaria, e existía espazo para transitar esquivándoo. Neste punto sería, polo tanto, aceptable o alegado pola concesionaria sobre a concorrencia de culpas, xa que tivo que concorrer certa distracción por parte da reclamante en canto a súa deambulación. Xa que logo, e como conclusión, a asinante considera que polo órgano de contratación, é dicir, o pleno do Concello, previo remate do presente expediente, poderáse adoptar acordo de imputar a responsabilidade dos feitos e as súas consecuencias á entidade concesionaria do servizo, nun 50% por concorrencia de culpas.

i) Agora ben, e con respecto á cuantificación dos danos, a asinante estima que non están dabondo acreditados os días impeditivos, cuantificados en 58,24 € por 50 días (total 2.912,00€) e os non impeditivos, un total de 8.587,16 €, a razón de 31,34 € por 274 días, xa que non se xustifican co informe achegado as circunstancias concretas para realizar dita discriminación e, particularmente, as obrigas laborais ou ocupacións habituais que a reclamante non puido atender como consecuencia do accidente e en qué grado

Vistos os antecedentes mencionados, os informes obrantes no expediente e as normas de aplicación, este instructor, no uso das facultades que ten conferidas, formula a seguinte proposta de resolución:

1. Establecer, en canto á reclamación presentada por Manuela Gómez Pérez, a responsabilidade compartida entre ela mesma e a concesionaria do servizo de auga e saneamento do Concello de Redondela, AQUALIA, que deberá indemnizala nunha contía igual ao 50% da cantidade que finalmente resulte dabondo acreditada pola reclamante, tendo en conta o exposto no apartado i) do informe de secretaría sobre a cuantificación dos danos mailos intereses correspondentes dende o intre no que se presentou a reclamación.
2. Notificar a presente proposta á reclamante ao obxecto de que no prazo de dez días poida presentar as alegacións que estime pertinentes en orden á mellor defensa do seu dereito .



CONCELLO DE REDONDELA

3. Examinadas, no seu caso, as alegacións que se presenten, dictarásese a resolución definitiva que corresponda”.

Considerando que á citada proposta presentáronse alegacións tanto pola reclamante como pola concesionaria do servizo de abastecemento e auga e saneamento.

Considerando que a reclamante rexeita en primeiro lugar a concorrencia de culpas, por considerar que é hipotética a suposta distracción que se lle imputa e, por outra banda, considera ao Concello responsable solidario do accidente, considerando dabondo xustificada a súa reclamación económica, posto que estableceu a baixa impeditiva facéndoa coincidir co inicio das sesións de rehabilitación que sí están documentadas e o final da baixa non impeditiva co informe final no que se determinan as secuelas. Considera tamén que a determinación dos intereses debe facerse dende a data da caída e non dende a presentación da reclamación.

Considerando que a entidade concesionaria volve insistir na súa ausencia de responsabilidade, considerando que a situación do rexistro correspóndese cun defecto do pavimento, imputable ao titular da vía, neste caso a Xunta de Galicia, e tamén maniféstase disconforme coa cuantificación dos danos e a realidade das secuelas e o período total de curación.

Resultando que con respecto ás alegacións da reclamante pode sinalarse:

1) Sobre a posible distracción que se lle imputa á reclamante, cómpre indicar que cando o obstáculo é, non sómentes visible, senón tamén bastante pequeno e ubicado nun lateral da beirarrúa como no presente caso, o normal é que se dea unha concorrencia de culpas e incluso, en moitos casos, se atribúa á propia vítima a responsabilidade por non ter observado o necesario coidado na súa deambulación para evitar dito obstáculo. Así, a sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Barcelona do 30.06.2014 indica, entre outras cousas, que:

La jurisprudencia de la Sala Contenciosa del Tribunal Superior de Justicia sobre caídas en la vía pública en las que existían desperfectos en la acera o baldosas rotas, mantiene que cuando el desperfecto es pequeño y no supone, en principio, peligro para los transeúntes, no procede que se reclame por los daños producidos como consecuencia de una caída en esa zona(...)Por todo lo anterior, este Tribunal valora que el desnivel que presentaba la acera de la era perfectamente visible, de mínima entidad y relevancia y debía apercibirse y salvarse por los transeúntes, que los podían evitar con un mínimo cuidado y atención y deambulación al acceder a la zona.

En el mismo sentido se expresa la Sentencia número 16/2012, de 11 de enero, de la misma Sección Cuarta del TSJC, dictada en el rollo de apelación 174/2010: "La responsabilidad de la Administración surge cuando el obstáculo en la calle supera lo que es el normal límite de atención exigible en el caminar, aunque no es posible sin embargo reclamar una total uniformidad de la vía pública. Lo exigible es que el estado de la vía sea lo suficientemente uniforme como para resultar fácilmente superable con un nivel de atención que socialmente es requerible, pues únicamente, como hemos dicho cuando se precise de un nivel de atención superior surge, la relación de causalidad, siempre que no se rompa la citada relación por hecho de tercero o de la propia víctima(..)No puede admitirse que el mero deambular se pueda realizar sin exigencia alguna para los peatones en cuanto a una mínima atención para observar cualquier otro desperfecto, que forma parte de nuestra habitualidad diaria. Nos encontramos ante deficiencias de ciertos elementos urbanos que forman parte de nuestro paisaje diario, con los que tenemos que convivir y familiarizarnos mínimamente, de tal forma que con cierta atención son fácilmente salvables con una deambulación adecuada”.

Tamén a sentenza do TSX de Cataluña do 18.07.2006 di que *se aprecia en el desarrollo de los hechos dos concausas que motivaron su acaecimiento: la primera, las condiciones del lugar y la segunda, la falta de atención del viandante a las circunstancias de la vía, pues el mismo*



CONCELLO DE REDONDELA

testigo reconeceu que dichas baldosas estaban levantadas, y, por tanto con un mínimo de diligencia el actor debió aperibirse del estado de la acera. La Sala, desde una valoración conjunta de la prueba practicada, valora la incidencia de la primera concausa - el mal estado de las baldosas - en un 50% y la falta de atención del peatón en un 50% con la incidencia sobre las indemnizaciones reclamadas que después se dirá.

2) Non existe a consideración da responsabilidade solidaria da administración con respecto á entidade concesionaria do servizo, segundo se recolle na normativa de aplicación especificada na mesma proposta. Nin tan sequera cabría a imputación de responsabilidade ao Concello por non ser titular da vía en cuestión.

3) Sobre a liquidación de intereses, cómpre establecer que deben aplicarse dende que se formulou a reclamación en vía administrativa, sendo a este respecto clara a xurisprudencia (vid. sentencias do Tribunal Supremo do 06.11.2012. 23.03.2011 , da Audiencia Nacional do 14.01.2015 ou do TSX de Murcia do 29.05.2002)

En canto ao alegado pola entidade concesionaria, hai que destacar que, segundo figura no expediente (páxina 45), o Concello de Redondela non levou a cabo nin obras na beirarrúa nin tampouco a reparación da arqueta que supostamente foi causa dos danos xa que é responsabilidade da mesma a conservación da infraestrutura e a arqueta atopábase elevada, sen que dita circunstancia fora provocada por ningunha obra e moito menos recente.

En canto á cuantificación dos danos e á vista da documentación presentada, resulta que a reclamante rematou a rehabilitación o 03.07.2014 polo que, con independencia de que recibira a alta médica o 13.08.2014, resulta lóxico establecer a citada data como a de referencia con respecto á estabilización das lesións. Polo tanto, da indemnización solicitada, haberá que restar 41 días non impeditivos a razón de 31,34 € por día, é dicir, 1.284,94 €. Así, a indemnización a satisfacer por Aqualia UTE sería do 50% de 11.356,31 €, 5.678,15 € mailos intereses legais correspondentes dende o 27.05.2014.

Considerando que de acordo co previsto no artigo 97.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño aprobando Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (TRCAP), de aplicación por mor do preceptuado na disposición transitoria primeira, 2 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP), o órgano de contratación deberá pronunciarse sobre a cal das partes contratantes lle corresponde a responsabilidade polos danos, o cal implica que a responsabilidade no presente caso deberá derivarse cara a entidade concesionaria.

Considerando que de todo o que antecede e, á vista do expediente, resulta a responsabilidade da entidade concesionaria do servizo de auga e saneamento do Concello de Redondela, en virtude da relación contractual existente e en virtude da normativa de aplicación, cuestión que debe establecer o pleno como órgano de contratación ao abeiro do previsto na normativa citada.

Vistos os informes obrantes no expediente, teño a ben propor ao pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte acordo:

Confirmar a PROPOSTA DE RESOLUCIÓN de data 23.02.2015 e na súa consecuencia establecer que a responsabilidade polos danos que deron lugar á presente reclamación corresponde, nun 50% e por concurrencia de culpas coa propia reclamante, a Aqualia, entidade concesionaria do servizo de auga e abastecemento do Concello de Redondela, que deberá indemnizar á solicitante con 5.678,15 € mailos intereses que no seu caso procedan.

Votación e ditame: Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Cultura, Turismo e Patrimonio, en votación ordinaria e por maioría dos/as Sres./as concelleiros/as, sendo 4 votos a favor do PP e 5 abstencións (3 PsdeG-PSOE+1 do BNG+1 de AER) ditaminou favorablemente a proposta transcrita.



CONCELLO DE REDONDELA

INTERVENCIÓNS

A concelleira PÉREZ ORGE di que non é de recibo a actuación de Aqualia neste expediente. Pide que o alcalde lle solicite á concesionaria que se dirixa ao Concello en galego. Sinala que o que argumenta Aqualia non se sostén, ao botarlle a culpa á dona que caeu e non lle parece de recibo que afirme que cando chegou a policía a señora xa caíra e que parte da culpa se lle achegue a ela por non ter cuidado ao camiñar. Non están de acordo co ditame.

A instancia do alcalde, a secretaria indica que existe unha xurisprudencia moi consolidada con relación a posibles obstáculos nunha beirarrúa perfectamente visibles e de pouca entidade, polo que a concorrencia de culpas é axeitada no presente caso. Sinala tamén que a afectada ten que probar que o accidente e as consecuencias foron exactamente como reclama.

A concelleira PÉREZ ORGE di que pensan que toda a responsabilidade a ten Aqualia.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están de acordo cos informes xurídicos.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación e por maioría dos/as concelleiros/as sendo dezanove votos e favor (10 do PP, 8 do PSOE e 1 de AER) e dous votos en contra (2 do BNG) acórdase a responsabilidade por concorrencia de culpas da reclamante e Aqualia como entidade concesionaria do servizo de auga e abastecemento do Concello de Redondela, que deberá indemnizar á solicitante con 5.678,15 € mailos intereses que no seu caso procedan.

11. APROBACIÓN DEFINITIVA DAS TARIFAS DO SERVIZO DE TAXIS

ANTECEDENTES

Ditame da Comisión Informativa de Interior de data 27 de marzo de 2015 que se transcribe a continuación:

A ley 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, establece que as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos ou, no seu caso, polas entidades competentes das áreas territoriais de prestación conxunta, e as tarifas aplicables aos servizos interurbanos serán fixadas pola consellería competente en materia de transportes da Xunta de Galicia

A disposición transitoria décima da lei 4/2013, do 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia dispón que nos Concellos que na actualidade non teñan establecida a obriga de dispoñer de taxímetro para realizar o servizo de taxi e este resulte aplicable segundo o establecido nesta lei, as persoas titulares de licenzas de taxi disporán dun ano desde a entrada en vigor da lei (14/07/2013) para proceder a súa instalación e posta en funcionamento (prazo establecido para concellos de 20.000 habitantes ou máis).

No mesmo prazo, e no caso de dispor de tarifas propias aplicables aos servizos urbanos de taxi, os respectivos concellos deberán revisar e aprobar estas tarifas para o seu cobramento mediante aparellos taxímetros, noutro caso, resultarán aplicables as establecidas para os servizos interurbanos de taxi.

Aprobadas inicialmente polo Pleno do Concello en xuntanza de data 25 de setembro de 2014 o cadro de tarifas, remitiuse á Dirección Xeral de Mobilidade para a emisión do seu informe preceptivo. Este organismo con data 26.11.2014 emite informe favorable para a aprobación destas, coa advertencia, entre outras cuestións, que “A tarifa establece unha delimitación do casco urbano que debe, en todo caso, respectar a existente no Concello sen que poida verse alterada a efectos tarifarios”.



CONCELLO DE REDONDELA

Efectuada consulta a esta Dirección Xeral co obxecto de aclarar a delimitación do casco urbano de Redondela, este organismo indica no escrito de data 3 de marzo de 2015 o seguinte: *A delimitación do casco urbano existente no Concello que debe respectar a tarifa urbana é necesariamente coincidente co termo municipal de Redondela, e debe coincidir co existente na normativa urbanística, sen que se poida establecer exclusivamente aos efectos de aplicación da tarifa urbana.*

Na súa consecuencia e despois de diversas xuntanzas cos representantes das agrupacións e asociacións dos taxistas de Redondela, esta Presidencia propón para ditame da Comisión e a súa posterior aprobación polo Pleno do Concello o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o cadro de tarifas de servizos a prestar polos vehículos de taxi con licenza no termo municipal de Redondela para o ano 2015:

TARIFA DIURNA: Aplicable en días laborais de 6 a 22 horas.

TARIFA NOCTURNA: Aplicable en días laborais de 22 a 6 horas, sábados dende as 15 horas, domingos, festivos (locais e autonómicos), 24 e 31 de decembro.

IMPORTE DE LA TARIFA SIN IVA Y SUS INCREMENTO			
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA DIURNA	BASE IMPONIBLE	IVA (10%)	IMPORTE TOTAL
Percepción Mínima (inclúe percorrido de 1600 metros ou tempo equivalente)	3,64	0,36	4,00
Qm. percorrido	0,95	0,10	1,05
Hora de espera	14,73	1,47	16,20
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA NOCTURNA/FESTIVOS	BASE IMPONIBLE	IVA (10%)	IMPORTE TOTAL
Percepción Mínima (inclúe percorrido de 1600 metros ou tempo equivalente)	4,36	0,44	4,80
Qm. percorrido	1,05	0,10	1,15
Hora de espera	17,67	1,77	19,44
SUPLEMENTOS	BASE IMPONIBLE	IVA (10%)	IMPORTE TOTAL
Bultos o maletas (agas sillas de minusválidos e sillas de nenos)	0,55	0,05	0,60
Traslado de mascotas (agas perros lazarillo)	0,91	0,09	1,00
Aeroporto			4,20

Segundo: Remitir o acordo a Comisión de Prezos de Galicia, co obxecto de autorizar a aplicación das devanditas tarifas”

Votación e Ditame A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria e por maioría dos señores asistentes, coa abstención dos señores/as: Cabaleiro Millares, García Míguez, Rivas Gómez, Blanco Pérez e Gonzalez Campo, acorda informar favorablemente a proposta transcrita

INTERVENCIONS



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que hai un conflito de intereses entre os taxistas e os usuarios. Apoiaron o expediente no mes de setembro porque había unha rebaixa nas tarifas e aparte estaba o tema da delimitación dos núcleos que agora non se pode aplicar porque a Xunta esixe que sexa a mesma tarifa para todo o Concello. Insisten en que haxa unha rebaixa nas tarifas e manifesta que o tema pode verse afectado tamén pola harmonización das mesmas que ten prevista a Xunta. Consideran que a proposta vai a encarecer o servizo e piden que quede enriba da mesa. Refírese tamén ao prezo por levar bultos que non ten en conta que o primeiro bulto é gratuito.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que van votar a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que as tarifas teñen que facer sostible o servizo para os taxistas e os usuarios. Sinala que a Xunta non aceptou que houbera dúas tarifas dentro do termino do Concello e por iso as que se propoñen tratan de chegar ao mesmo resultado, con independencia de que a Xunta estea estudiando unha tarifa normalizada pero non se sabe cando se aplicará. Efectivamente, o primeiro bulto é gratuito.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que debe quedar ben claro que o primeiro bulto é gratuito. Consideran que as tarifas a aprobar non son das máis baratas, comparándoas con outros concellos.

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que o acordo actual sigue a mesma liña que o de setembro e que as tarifas dos distintos concellos non son exactamente iguais.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación resulta aprobado por maioría dos/as concelleiros/as sendo dezanove votos a favor (10 do PP, 8 PsdeG-PSOE, e 1 de AER) e dous votos en contra (2 do BNG).

12. ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO:

12.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA

Dáse conta das resolucións de alcaldía dende o día 17 de febreiro ao 19 de marzo de 2015.

O pleno do Concello queda informado.

12.2 MOCIÓNS

12.2.1 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE AER SOBRE BASES DOS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

ANTECEDENTES

Moción presentada polo grupo municipal AER o día 24/01/2015 con número de Rexistro xeral 2015000781 que di:

“O 27 de outubro de 2011, o pleno do Concello de Redondela aprobou por unanimidade unha moción presentada por AER dando voz a Esquerda Unida.

Esta moción versaba sobre os orzamentos participativos e propuña basicamente destinar unha porcentaxe do orzamento de inversións do Concello a orzamentos participativos, de tal xeito que a veciñanza decida onde debe gastarse.

En concreto, os acordos propostos eran os seguintes:



CONCELLO DE REDONDELA

- Celebración dunhas xornadas de formación para as asociacións e veciñanza sobre o funcionamento, características e elaboración do orzamento municipal.
- Creación dunha oficina de orzamentos participativos.
- Poñer a disposición dos orzamentos participativos un mínimo do 25% do orzamento de inversións do Concello para que a veciñanza decida onde debe gastarse.

Acordouse aprobar a moción rectificando que a porcentaxe dos orzamentos que se adicará a esta finalidade será a que fixen, de común acordo, os grupos políticos á hora de aprobar o orzamento, e engadindo que a participación encamiñárase a través dos Consellos parroquiais, unha vez que estes comecen a funcionar.

Efectivamente, a data actual lévanse aplicando dous anos consecutivos os orzamentos participativos a través dos consellos parroquiais. Non obstante, cabe destacar que non se chegaron a por en práctica os dous primeiros acordos, sendo esta unha importante desviación do aprobado en pleno e que tivo como consecuencia que o concepto de orzamentos participativos a día de hoxe sexa descoñecido para moitos veciños de Redondela e, noutros casos, mesmo nos propios consellos parroquiais, non se teña claro en que consisten exactamente os orzamentos participativos.

Os orzamentos participativos puxéronse en marcha mesmo sen chegarse a elaborar unha bases específicas que definisen e establecesen o marco de aplicación, polo que o grado de subxectividade na súa aplicación é importante.

INTERVENCIÓNS

A concelleira PÉREZ ORGE di que esperaba que AER retirara esta moción dado o momento no que estamos e o feito de que non estea aprobado o orzamento para 2015. Sinala que non están de acordo en cómo se xestionan os orzamentos participativos porque pensan que non se trata dun reparto lineal entre as parroquias senón de establecer previamente cos veciños qué investimentos se van facer. Aprobaron no seu intre a moción porque pensaban que se podía reconducir o tema pero agora ven claro que non é esta a alternativa.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que tamén está de acordo coa retirada da moción. Sinala que un exemplo deste tipo de orzamentos, como xa dixeron, é a deputación de Lugo e que deben ir ás necesidades de Redondela como Concello, non necesariamente por parroquias vendo o que é máis prioritario.

A concelleira ALONSO ALONSO di que é unha boa proposta e que o orzamento debe aprobarse cada ano e nunca é tarde pero non se poden aprobar os orzamentos participativos senón hai orzamentos. Sinala que a proposta é que se elaboren unhas bases específicas e que en certa medida sí se deu cumprimento ao acordado na moción anterior xa que se deu moita información e se atendeu ás demandas con respecto a esta cuestión e se comentou en todos os consellos parroquiais de acordo coa idea que teñen para implementar este tipo de orzamentos. Están abertos a retomar o tema para que a nova corporación o primeiro que faga sexa aprobar os orzamentos.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que o segundo punto da súa proposta pode ser de máis difícil aplicación. Di que a idea dos orzamentos participativos botouse a andar e cómpre establecer as bases para que o tema funcione mellor. Di que os que veñan poden implementalas.

A concelleira PÉREZ ORGE di que debe ser a próxima corporación a que decida pero, de entrada, non están de acordo con este tipo de orzamentos participativos como un mero reparto de cartos para facer parches nas distintas parroquias. Considéranse máis ambiciosos. Estima que o orzamento é un instrumento técnico que serve para facer política e non está de acordo coa



CONCELLO DE REDONDEIRA

concelleira de Facenda que afirmou que se fixeron xornadas e o único que fixeron foi xuntanzas con algúns colectivos.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que ao principio felicitou ao goberno polos orzamentos participativos pero non lle parece doado que fagan o mesmo dende o ano 2011. Sinala que teñen outro concepto deste tipo de orzamentos e non lle consta que o goberno tivera reunións coa veciñanza para recoller as súas propostas, xa que se desenvolveron despois de aprobar o orzamento, ás veces ao final do ano.

A concelleira ALONSO ALONSO di que nunca en catro anos fixeron ningunha achega en canto aos orzamentos participativos e aínda que digan que están mal feitos polo menos hainos, xa que antes non existían. Considera que aínda que traían os mellores orzamentos do mundo non os van aprobar. Están de acordo en melloralos pero parécelles ben que se deixe sobre a mesa a moción.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que non está de acordo en retirar a moción e que se se queren outro tipo de orzamentos participativos nas bases poderían formular as súas achegas e as da veciñanza.

VOTACIÓN E ACORDO

A moción sométese a votación, sendo **rexeitada** por dous votos en contra (2 do BNG), un voto a favor (1 de AER) e dezasete abstencións (9 do PP e 8 do PsdeG-PSOE).

12.2.2 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS SOLICITUDES DE AMPLIACIÓN DE PANALÁNS NO CONTORNO DA PRAIA DE AREALONGA (CHAPELA)

ANTECEDENTES

Moción presentada polo grupo municipal do BNG no Rexistro Xeral do Concello o día 26/03/2015 co número 2015003678, que di:

“Nas últimas semanas a Autoridade Portuaria de Vigo publicou varios anuncios nos que se solicitaba a concesión administrativa de varios pantaláns do contorno da praia de Arealonga, en Chapela.

En concreto, trátase dos solicitados polo Círculo Recreativo e Cultural de Chapela, e da Asociación Náutica Deportiva Albatros de Teis. En todas estas peticións, o que se solicita é unha conversión da autorización a concesión administrativa.

Na solicitude prantexada polo Círculo Cultural Recreativo de Chapela, prantéxase a ocupación dunha lámina de auga de 11.780 m², fronte aos 9.124 m² dos que actualmente dispón. Esta proposta vai acompañada da ampliación do número de amarres nunha vintena.

Pola súa banda, a Asociación Náutica Deportiva Albatros solicita a concesión administrativa para a ocupación dunha superficie de lámina de auga de 6.000 m² no lugar de Suacasa-Teis, máis de 2.200 m² dos que actualmente ocupa.

Entre ambos os dous pantaláns existen escasamente uns 300 m de distancia. No medio, a praia de Arealonga, que está a sufrir nos últimos anos unha degradación e perda de area mais que preocupante.

Arealonga, como principal zona de esparcemento e goce da beiramar da parroquia de Chapela, está a sufrir este deterioro ano a ano. Non só pola perda do propio areal, senón tamén pola sucesiva presión que se está a exercer no contorno da propia praia. A esta posibilidade de ampliación de ambos os dous pantaláns, segue incidindo negativamente no futuro deste areal.



CONCELLO DE REDONDELA

Un maior número de atraques suporá a presenza dun maior movemento no número de vehículos, ben se dirixan ou estacionen no paseo de Cardona, ou ben se dirixan ao lugar de Suacasa en Teis.

A Autoridade Portuaria de Vigo, en relación coa solicitude presentada polo Círculo Cultural Recreativo de Chapela, traslada ao Concello de Redondela escasa documentación para xustificar este cambio de autorización a concesión. Escasa documentación que contrasta co importante volume de documentos recollidos no expediente da propia Autoridade.

O Bloque Nacionalista Galego demandou información a través do Consello parroquial de Chapela e mediante escrito presentado ao alcalde de Redondela. As respostas que se deron non clarexaron para nada o papel que ía desenvolver o Concello diante destas solicitudes.

Calquera actuación na beiramar da Ría de Vigo incide negativamente na calidade das augas da mesma. A acumulación, ao longo dos anos, de diferentes actuacións de maior ou menor entidade están a poñer en grave risco o futuro da Ría.

Redondela debe asumir un papel preponderante na protección do contorno do medio mariño deste espazo. Redondela debe manter o difícil equilibrio entre a preservación medioambiental e a explotación dos recursos mariños.

O contorno da praia de Arealonga atópase a menos de 1 km de distancia do LIC Enseada de San Simón, Espazo Rede Natura 2000. Deste aí a necesidade de limitar ao máximo as intervencións na lámina de auga e dos espazos públicos afectados.

As alegacións presentadas por diferentes colectivos e asociacións e a preocupación xerada entre os veciños e veciñas de Chapela esixe que as diferentes forzas políticas e o Concello de Redondela dean unha resposta a estas demandas.

Tendo en conta o difícil equilibrio ecolóxico no que se atopa o principal areal da parroquia de Chapela, é polo que o Bloque Nacionalista galego propón ao Pleno da Corporación de Redondela a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. O Concello de Redondela en pleno posiciónase en contra da ampliación dos pantaláns no contorno da Praia de Arealonga de Chapela.
2. Que o alcalde do Concello de Redondela, como membro do consello de administración da Autoridade Portuaria, realice as pertinentes actuacións, para deter as solicitudes de ampliación dos diferentes pantaláns próximos á praia de Arealonga, na parroquia de Chapela.

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PEREZ di que apoian a moción.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o concelleiro de medio ambiente debe explicar polo miúdo esta cuestión aínda que, en principio, están de acordo coa moción.

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que está de acordo co tema da situación da praia pero sen ter todos os informes pertinentes non son quen de posicionarse con respecto a isto. Teñen dúbidas de por qué antes non había pantaláns e agora sí e queren contar cos informes medioambientais para posicionarse. Indica que en todo caso a competencia é da Autoridade Portuaria.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que hai unha administración paralela, que depende de Fomento e ten unha importancia moi grande no Concello de Redondela. Así indica que a competencia é da Autoridade Portuaria e que o importante é defender o equilibrio ambiental da Ría de Vigo. Considera que non se xustifica o incremento con respecto aos metros cadrados de



CONCELLO DE REDONDEIRA

ocupación para chegar ata 80 prazas de amarre. Pensa que hai unha excesiva presión sobre a praia de Arealonga e que neste caso hai moitos aspectos que xustifican o posicionamento en contra. Indica que a asociación de veciños, o clube de remo e o colectivo A ría non se vende pensan tamén que isto hai que paralo.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o concelleiro de medio ambiente non lle explicou nada e que van votar a favor, xa que o aumento da lámina de auga vai ser de 5.000 m². Sinala que a praia de Arealonga ten problemas de area e que tamén pode repercutir negativamente no aparcamento na zona. Non parece que haxa unha necesidade clara de aumentar as prazas de amarre.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que, en canto ao punto 2, hai que ter en conta que o alcalde non ten posibilidade de deter as solicitudes de ampliación. Refírese ás demandas dos bateiros en canto á ampliación dos muelles para atracar ben os barcos. Gustaríalles ter máis información para decidir en consecuencia xa que, insiste, a competencia é da Autoridade Portuaria.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que os bateiros non teñen nada que ver porque os que solicitan a ampliación son asociacións con outra finalidadee que ao mellor queren adiantarse ao plan de usos do porto de acordo co cal posiblemente non se poidan conceder ditas autorizacións. Refírese ao feito de que hai anos que o BNG levou á parroquia unha proposta similar e a partir da oposición non se outorgou a autorización. Considera que hai convivencia entre a Autoridade Portuaria e o goberno do PP e o Alcalde debe defender no consello de administración aos veciños e propor que se pare a actuación. Estima que pódese facer presión.

VOTACIÓN E ACORDO

A moción é sometida a votación, resultando aprobada por once votos a favor (8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) e nove votos en contra (9 do PP).

12.2.3 MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR O INCREMENTO DE PERSOAL DE CORREOS NO NOSO CONCELLO.

ANTECEDENTES

Correos é o provedor público de servizos de comunicación de cartas e de paquetería qu presta un servizo postal universal, baixo os supostos de eficiencia, calidade e sustentabilidade. Polo seu carácter público, convértese nun actor fundamental nas relacións da cidadanía coas administracións públicas e coas empresas, tal e como recollen a Lei postal 43/2010, de 30 de decembro (artigo 24 e artigo 21).

En numerosos lugares da Galiza, veciños e veciñas denuncian os atrasos inxustificables na entrega do correo postal, que están a deixar en evidencia a nefasta atención do servizo postal, unha situación que se agrava no medio rural do noso país.

As demoras superan máis de quince días e afectan de xeito xeneralizado ao rural galego, mais resultan moito mais graves nas áreas metropolitanas das cidades, vilas ou concello mais grandes.

As razóns deste atraso están nas condicións extremas nas que se desenvolven a súa actividade os traballadores e as traballadoras deste servizo. Os cadros de prsoal foron reducidos considerablemente por non cubriren os postos vacantes por xubilacións, baixas por enfermidade, etc. O goberno do Estado español aplica a Galiza ratios de poboación senter en conta a dispersión poboacional do medio rural galego, ademais de teren as traballadoras e os



CONCELLO DE REDONDELA

traballadores que facer o servizo utilizando transporte propio e levar unha importante carga de traballo e peso.

A pasividade do goberno ao non cubrir as prazas vacantes no servizo de correos, así como por non dotar o cadro de persoal dos medios necesarios para desenvolver adecuadamente o seu traballo, está a provocar unha situación de tensión entre traballadoras e traballadores e unha gravísima deterioración do servizo, como xa se sabe, como xa se puxo de manifesto nas denuncias feitas por veciños e veciñas afectadas.

O servizo de correos no Concello de redondela tamén sofre as consecuencias desta política de recortes, como xa o denunciou a AAVV de Chapela.

En agosto de 2013 fíxose unha reestruturación do reparto, pasando de 21 a 18 carteiros, número no que se inclúen os de Fornelos de Montes (2) e Pazos de Borbén (2). Esta redución de persoal fai que moitos traballadores e traballadoras se sintan frustrados por non poder dar un servizo en condicións, ven que por moito teñen a sensación de que aínda que queiran traballar ben, non llo permiten. Comentan que se quera estandarizar, pautar, regular, rentabilizar e no seu traballo ahi moito de humanidade, de imprevistos que non collen nas estatísticas, polo que a impotencia e o desánimo son bastante frecuentes no persoal que atende a diario este servizo.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG solicita do pleno da corporación municipal de Redondela a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a que demande do goberno do Estado a adopción de medidas tendetes a restablecer a lamentable situación do servizo postal no noso Concello e garantir o reparto na periodicidade axeitada.
2. Así mesmo, demandar a cobertura de vacantes nos cadros de persoal de Correos para resolver os problemas que se producen diariamente no servizo postal do noso Concello.
3. Trasladar o presente acordo ao presidente da xunta de Galicia, presidente do goberno do estado español e aos grupos parlamentarios do Parlamento galego.

INTERVENCIÓNS

O concelleiro BLANCO PÉREZ di que están de acordo.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que Correos é unha sociedade anónima con capital público ao 100% polo que agora prima máis o negocio que o servizo. Defende a profesionalidade dos traballadores pero acepta que cada vez son menos e peor formados. Sinala que en Correos conflúen tres tipos diferentes de empregados pero coa reforma laboral os contratos son na súa meirande parte temporais e parciais, polo que os recortes inflúen moito na problemática. Di que cando entrou a moción estábese a traballar nunha reestruturación e ao mellor será posible mellorar a cuestión, aínda que considera que a problemática está na cobertura cando por distintas causas se producen ausencias e logo ven xente que non ten estabilidade.

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que lles sobra o punto nº 1 xa que non miran por qué hai que instar á Xunta e propoñen enviala ao Presidente da SEPI.

A concelleira PÉREZ ORGE di que a moción pretende denunciar o que sinalan os propios carteiros xa que hai un deterioro do servizo porque non se cubren as baixas, vacacións...etc. Estima que é un servizo moi mellorable. Considera axeitado que o goberno da Xunta sexa o que demande do goberno do Estado a mellora do servizo, xa que é unha cuestión política.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que se busca a rendabilidade como criterio prioritario e indica que está de acordo coa moción.



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que se con isto pódese mellorar o servizo están de acordo, toda vez que explicou a cuestión á persona que na corporación entende do asunto.

A concelleira PÉREZ ORGE di que agradece o apoio.

VOTACIÓN E ACORDO

Promovida a votación, a moción apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo dezanove votos (9 do PP, 7 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).

12.3 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA

12.3.1 COMPARECENCIA DA CONCELEIR DE SERVIZOS SOCIAIS

O grupo municipal do BNG presenta no rexistro xeral de entrada o día 19/02/2015 (con número 2015001582) nos seguintes terminos:

“O pasado luns 16 de febreiro, a totalidade dos alumnos e alumnas do grupo de dinamización teatral do Concello de Redondela, déronse de baixa desta actividade.

Representantes destes grupos mantiveron diversas xuntanzas, tanto coa concelleira de servizos sociais, Teresa París, como co propio alcalde, Javier Bas, para rematar co problemática creada no presente curso.”

Por outra banda o grupo municipal AER presenta a solicitude de comparecencia da concelleira o día 20/02/15 (número 2015001883) que di:

“Coñecendo as manifestacións realizadas polos grupos de teatro de diferentes parroquias, solicitamos a comparecencia da concelleira de Servizos Sociais para que expoña diante deste Pleno os datos referentes a dita actividade. En concreto: gastos e ingresos, indicando as partidas orzamentarias que nos permitan contrastalos, modelo de contratación e apoios non pecuniarios a dita actividade que teña efectuado o seu departamento ou calquera outro.

Cando dicimos en concreto referímonos a:

- a) Ingresos rexistrados por parte do alumnado
- b) Coste do profesorado
- c) Expediente de contratación
- d) Subvencións recibidas para dita actividade e finalidade que se lle deu.”

A concelleira PARIS BLANCO di que esta actividade levaba tempo implantada no Concello e tiveron intención de mantela e incluso ampliála a outras parroquias. Sinala que no terceiro ano se implementaron as taxas para as actividades organizadas polo Concello e se incrementou a taxa pero non a chegou a pagar ninguén e comezaron a facer un control sobre a actividade e a contratación da monitora...etc. Aínda que neste ano comezou tarde, fixéronse as inscricións e ao terceiro mes decatáronse de que non se estaban ingresando as taxas na contía establecida e os alumnos decidiron non pagar. Despois se fixo o que dispuxeron os servizos xurídicos e a meirande parte da xente deuse de baixa. Di que o expediente está para que o mire quen queira, que foi a primeira vez que se fixo a contratación en condicións.

En canto ao solicitado por AER, di que o expediente está a súa disposición. O contrato foi un contrato menor e adxudicouse o 25.11.2014 e o custe era de 5.100 € para o curso ata o 31 de xullo, a razón de 820 € ao mes. O custe da monitoría dividiuse entre 75 persoas, aínda que



CONCELLO DE REDONDEIRA

somentes participaron 39. A subvención no 2014 detraeuse para o cálculo da taxa. O día 24 de febreiro somentes quedou unha persoa inscrita.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que se trata de vontade política e que esta é unha cuestión importante para a vida cultural das parroquias. Considera que se está obstaculizando o labor da xente involucrada na actividade e por eses obstáculos déronse de baixa. Esperaba que a concelleira neste tempo movera ficha e se retomaran as conversas coa xente afectada. Rexeitan a actitude da concelleira.

O concelleiro BLANCO PÉREZ pregunta se se acadou algún tipo de patrocinio e se se realizaron actuacións para promocionar a actividade ou podería incluírse dentro do convenio interparroquial. Indica que podería implicarse á concellería de Cultura.

A concelleira PARIS BLANCO di que trataron de chegar a sete parroquias e arrincaron en dúas e despois a cinco. Di que ela mesma apoiou o tema e non houbo obstáculos en ningún caso. Sinala que ela mesma deulle aos alumnos toda a información. Está moi de acordo con esta actividade pero a dirección ten que vir do Concello que é o que a organiza. Non lles deu tempo nin a traballar no tema dos patrocinios e facilitoulles todo o que foi necesario. Di que incluso falouse acerca de darlle unha maior estabilidade á actividade e pensa retomar a cuestión próximamente.

12.4 ROGOS E PREGUNTAS

12.4.1 PREGUNTAS AO PLENO PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL AER

Preguntas presentadas polo grupo municipal AER o día 30/03/2015 con número de rexistro de entrada 2015003909 e que a continuación se transcriben:

12.4.1.1 SOBRE A “REHABILITACIÓN” DO PEIRAO DA PORTELA E A “ERRADICACIÓN” DE FLORA INVASORA

“Visto o camiño que levan as obras de “rehabilitación” do peirao da Portela, peirao de gran valor histórico e patrimonial; que basicamente consistiron en botar caldeiros de cemento na zona de acceso e entre as pedras que forman parte do peirao, chegando a utilizar como base dun valado un poste da luz. Sabendo que teñen de prazo para o seu remate ata o 15 de xuño e informados por residentes da zona que esta desfeita levouse a cabo en dous días, sen que polo momento se acometeran máis accións; non sabemos o por que desta présa, a menos que quixeran inaugurar a obra antes do período electoral para así ter unha fotiña máis para a prensa.

Lembrámoslle que neste proxecto tamén se incluía a erradicación de flora alóctona invasora no paseo da Portela. Polo momento con respecto a este tema, a única medida levada a cabo foi una roza dalgunhas zonas e a plantación de loureiros; debe ser que non existen máis especies arbóreas autóctonas axeitadas para a zona.

O paseo segue inzado de flora invasora como a acacia negra, sen que se levara a cabo ningunha actuación para a súa erradicación.

Ante o exposto anteriormente preguntamos ao alcalde:

Que medidas teñen pensado tomar para solucionar estas eivas?”

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que é certo que aí se fixo unha auténtica chapuza xa que se contratou o traballo cunha empresa de xestión medio ambiental e foi un desastre o que quere dicir que non todas as empresas traballan como debe ser. O arquitecto estivo con eles e



CONCELLO DE REDONDELA

teñen que restablecer a desfeita e ata que non o fagan non se lles paga. Non está rematada nin recibida.

12.4.1.2 SOBRE A OCUPACIÓN SEN PERMISO DUNHAS LEIRAS PARA AMPLIAR UN CAMIÑO EN SAXAMONDE.

“Hai dous anos pedimos por rexistro o expediente das obras do Camiño da Preguiza, asfaltado e ampliación; de momento aínda non acadamos resposta.

Hai dous meses retomamos o tema e volvemos facer, dúas veces máis, petición por rexistro deste expediente. Por se non se sitúan, é un camiño na parroquia de Saxamonde en fronte ao bar O Labrador. O caso é que vostedes ampliaron e asfaltaron este camiño collendo parte de leiras de veciños sen o seu permiso.

Temos que sinalar tamén que nunha destas leiras non fixeron ningún tipo de valado de contención, o que fai que o camiño e a capa de asfalto se vaia desfacendo e caendo nunha delas. Na outra leira desfixeron o muro de peche sen volver construílo una vez rematadas as obras. Tamén invadiron dúas minas de auga unha en cada leira.

Estamos fartos de pedir o expediente da obra, ou no caso de non existir, toda a documentación relativa a ela. A única resposta que obtemos de xeito verbal, nunca por escrito, é que non hai nada, ou que non aparece nada. Polo que acreditamos no que din os afectados: “ocuparon” parte dos seus terreos sen permiso para levar a cabo a ampliación do camiño.

Por todo isto preguntamos ao alcalde:

Que pensa facer para subsanar estes erros ou compensar os afectados?”

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que non hai ningunha queixa por escrito nin teñen constancia de ningunha petición.

14.4.1.3 SOBRE O MURO DO PASEO DA PRAIA DE CESANTES.

“Ante a demanda de estudos de impacto ambiental para a realización desta obra no consello parroquial de Cesantes, estudos que dubidamos que existan, se non o equipo de goberno xa os tería presentado, pedimos estes estudos por rexistro.

A súa resposta vía correo electrónico foi que consultáramos o proxecto da obra en contratación. Temos que sinalar que esta resposta nos parece una tomadura de pelo, xa que vostedes saben que xa consultáramos o proxecto xa que tamén foi solicitado por rexistro.

Ou somos moi parvos nós por non atopalo no proxecto, ou son moi parvos vostedes por non presentarllo á veciñanza se é que existe e esta no proxecto.

A semana pasada Jesús Crespo sinalou que existen un estudos xeolóxicos e biolóxicos, solicitamos por rexistro copia destas análises como contrato das persoas que os realizaron.

A día de hoxe aínda non temos resposta, debe ser tan difícil facer una copia ou escaneo dos documentos pedidos e entregalos... Ou teñen retidas estas peticións en alcaldía como ven sendo habitual neste equipo de goberno.

Polo anteriormente exposto preguntamos o alcalde:

Se existen estes documentos, cando pensan darnos as copias solicitadas?”



CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que a pregunta recibíuse onte e non houbo tempo para facilitarlle a documentación. Os expedientes están aí.

12.4.1.4 SOBRE A ESTACIÓN DOS EIDOS.

“No pleno ordinario de xaneiro (29 /01/ 2015). Fixemos a seguinte pregunta:

Miguel Ángel Álvarez, xustifica a importancia deste proxecto ao tratarse dunha das zonas do centro urbano con maior densidade de poboación tras a construción de varios bloques de edificios nos últimos anos, nos que tamén se produciu un incremento da intensidade do tráfico, que se agravará coa posta en servizo da nova estación da AVE. "Trátase dunha rúa que se ha ir urbanizando por tramos e agora é necesaria unha actuación para completar os servizos", explica.

Despois de ler esta declaración na prensa, podería dicirnos que tipo de trens e con que frecuencia van a ter parada na estación dos Eidos?

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que non entende moito a pregunta, posto que non sabe cómo vai funcionar a estación.”

Visto que na prensa do luns 30/03/2015 anúnciase o estreo da liña do AVE que atravesa a nosa vila e que o concelleiro que respondeu á pregunta de AER non entendeu a pregunta que formulamos, preguntámoslle ao alcalde:

Saben que tipo de trens (larga distancia, media distancia, proximidade, alta velocidade.) e con que frecuencia (cantos trens pararán na estación dos Eidos o longo do día) van a dar servizo nesta estación?

* Entre paréntese aclaracións por se caso non entenden a pregunta.”

O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que siguen sen ter datos sobre a cuestión

E dado o avanzado da hora, sendo as 00 horas do día un de abril de dous mil quince, o alcalde accidental levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-